

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 2 de febreiro de 2009

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. Francisco Xabier Alonso Pérez
D. Xulio Calviño Rodríguez
D. Santiago Domínguez Olveira
D. Carlos López Font
D^a Elena Maure Noia
D^a M^a Xosé Méndez Piñeiro
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz
D. José Manuel Mariño Mendoza

Invitados:

D^a Raquel Díaz Vázquez
D^a María Jesús Lago Rey
D^a Laura López Atrio
D. Angel Rivas González
D. Xesús López Carreira
D^a Iolanda Veloso Ríos

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e vinte minutos do día dous de febreiro de dous mil nove e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, e o interventor xeral, Sr. González Carnero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(76).- ACTA ANTERIOR. Apróbanse as actas das tres sesións extraordinarias e urxentes do 30 de decembro de 2009. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(77).- NOMEAMENTO DE D. FRANCISCO JAVIER GONZÁLEZ YEBRA-PIMENTEL COMO TITULAR DA ASESORÍA XURÍDICA DO CONCELLO.

Dáse conta da proposta do alcalde-presidente do Concello de Vigo, que di o seguinte:

Atopándose vacante o cargo de Titular da Asesoría Xurídica, por renuncia de don José Abelardo Blanco Serrano, aceptada pola Xunta de Goberno local en sesión de 30 de decembro de 2008 e visto o informe do Secretario Xeral do Pleno de 5 de decembro de 2007, esta Alcaldía-Presidencia propón á Xunta de Goberno Local a adopción, ao abeiro do disposto no artigo 129.2 da lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Nomear titular da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo a don Francisco Javier González Yebra-Pimentel, con DNI nº 36.030.695 E; o cal reúne os requisitos sinalados no artigo 129.2 LRBRL, para tal nomeamento, ao concorrer nel a condición de licenciado en Dereito e funcionario de carreira deste Concello de Vigo, escala de Administración Xeral, subescala técnica, Grupo A1, nivel 28. O dito funcionario, que desempeña actualmente, por adscrición de carácter provisional, o posto de traballo de xefe de Recursos e Asesoramento da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo, pasará a situación administrativa de servizos especiais.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao interesado facendo constar na notificación a necesidade de que a toma de posesión se produza no prazo legalmente previsto e de que trala toma de posesión, no prazo dos dez días seguintes, deberá formalizar a preceptiva declaración no Rexistro de Intereses.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo á Área de Persoal aos efectos pertinentes.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

3(78).- PRESTACIÓN DO SERVIZO NO FOGAR: ALTA EXPTE. 13/697, 13/1702, 13/1972, 11/1685, 14/770, 14/1717, 22/2509, 22/2494, 3/1013, 3/1913. DENEGACIÓN EXPTE. 14/1954.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo cos informes-proposta da traballadora social responsable do Programa, conformados pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

a) Conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar ás seguintes persoas:

- D. Alvaro Domínguez García. Expte. 1013/03.
- D^a. Julia Crespo Pereira. Expte. 1913/03.
- D^a. Pilar Canabal Souto. Expte. 2494/22.
- D^a. Luzdivina González Fernández. Expte. 2509/22.
- D^a. Purificación del Río Alemparte. Expte. 14/1717.
- D^a. M^a Esther Martínez Martínez. Expte. 14/0770.
- D^a. Luisa Suárez Domínguez. Expte. 11/1685.
- D^a. Sofia Fraga López. Expte. 13/1701.
- D^a. Benita Margarita Sánchez Pérez. Expte. 13/1972.
- D^a. Raquel Suárez Bandín. Expte. 13/697.

b) Denegar a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a D^a. Dolores Cabaleiro Landín. Expte. 1954/14.

4(79).- SUBVENCIÓN A NOESCAFÉ TEATRO PARA A REALIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS ALT'09. EXPTE. 11428/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de xestión da Programación, do 2.01.09, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar unha subvención de 60.000,00 € (sesenta mil euros) a Asociación Cultural Noescafé, CIF: G-36891323, para o financiamento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09, organizado por esta entidade, con cargo á partida 4510.489.00.05 “Convenio Noescafé Teatro. Festival Alternativo de Teatro e Danza”, que figura no presuposto vixente do Concello de Vigo.

SEGUNDO.- A subvención que outorga o Concello de Vigo á Asociación Cultural Noescafé Teatro para o desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09, axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.

A concesión da subvención directa a Asociación Cultural Noescafé Teatro axústase ao previsto no art.22.2 apartados a) e c) da Lei 38/2003 Xeral de Subvencións; tanto por estar prevista nominativamente no presuposto do concello de Vigo de 2008, como polo interés público e social que supón para a cidade de Vigo o desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas, promovido por Noescafé Teatro. Ademais, ao ser o único festival destas características da cidade e dos poucos que hai en Galicia, que vai incrementando o ámbito territorial tanto dos artistas como dos participantes, a proxección exterior da actividade cultural viguesa a España e Portugal, e a complementariedade da programación cultural do Concello, son elementos que confiren un carácter singular á concesión da subvención, polo que non procede a concurrencia para o seu outorgamento.

De acordo co previsto no art.26.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

TERCEIRO.- Que se aprobe o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e a Asociación Cultural Noescafé Teatro que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento do Festival Alternativos das Artes Escénicas Alt'09”.

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS ALT'09

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil nove.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Xesús López Carreira, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, Dna. María Dolores Correa Sobrido, na súa calidade de Presidenta da Asociación Cultural Noescafé Teatro, CIF: G-36891323, e con enderezo na rúa Pizarro 89, 6ºB, 36209 da cidade de Vigo, que no sucesivo se denominará NOESCAFÉ TEATRO.

MANIFESTAN

- O Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt' é un proxecto de Noescafé Teatro A.S. que se ven organizando desde fai sete anos durante o mes de marzo.
- O Alt' amosou ao longo destas sete edicións o máis experimental e arriscado das novas linguaxes escénicas e ten elevado as súas propostas a espazos, até o de agora vetados, captando deste xeito, a un público que non asistía ao teatro.
- O Alt' creou ciclos, programas e actividades paralelas para complementar o seu programa oficial con performances, exposicións fotográficas, proxeccións de vídeo-danza e películas, conferencias, intervencións urbanas, etc. para así dotar ao seu público de máis ferramentas para a descodificación das distintas linguaxes das novas escenas.
- Asemade, o Alt' é, xunto aos colectivos Escoitar.org e Sinsal Audio, fundador de VACUA (Vigo Acción Cultural Alternativa), asociación que tenta pór no primeiro plano da actividade cultural de Vigo a creación e a cultura contemporánea.
- Na mesma liña, é membro fundador da “Plataforma de Festivales para la promoción y la difusión de la creación escénica contemporánea no convencional” de recente creación e que asocia a 13 festivais do estado, e participa xunto a outras sete estruturas a nivel nacional no proxecto “Ménage à...”, unha nova fórmula de produción artística baseada nunha viaxe de creación e investigación.
- De acordo co establecido no artigo 2º dos seus estatutos, Noescafé Teatro Producciones é unha asociación cultural que ten como fins: desenvolver e organizar actividades culturais, fomentar, promocionar e divulgar todo tipo de actividades relacionadas coas artes escénicas, difundir obras de autores que non teñan cabida dentro do teatro comercial e promover accións de carácter cooperativo e cultural con outras organizacións afíns tanto nacionais como estranxeiras.
- O Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt', é un elemento salientable da programación que contribúe ao cumprimento dos seus fins enmarcada dentro da súa influencia a nivel nacional e internacional.
- A concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo considera que o interés público e social do Festival Alternativo das Artes Escénicas, promovido por NOESCAFÉ TEATRO, complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e a súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.
- D. Xesús López Carreira, actúa na súa calidade de concelleiro-delegado, de acordo coa resolución da Alcaldía do 5 de xullo de 2007 e acordo da Xunta de Goberno Local de 16 de xullo de 2007, sobre competencias delegadas e Dna. María Dolores Correa Sobrido actúa na súa calidade de Presidenta electa con data 3 de maio de 2004, e actúa en virtude dos poderes de representación da Asociación e de relación coas Administracións que lle outorgan os Estatutos Sociais de NOESCAFÉ TEATRO.
- A subvención que outorga O CONCELLO a NOESCAFÉ TEATRO para o desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09 axustarase ao establecido na seguinte normativa: Lei Xeral de Subvencións 38/2003, de 17 de novembro (BOE 18 de novembro de 2003), Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG 25 de xuño de 2007), Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE 25 de xullo de 2006), así como as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, outras normas de aplicación.
- NOESCAFÉ TEATRO reúne a condición de beneficiario da subvención e de acordo cos requisitos establecidos no art.10 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e declarando non estar incurso nas prohibicións ou circunstancias detalladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo.

En consideración ao antes exposto, O CONCELLO e NOESCAFÉ TEATRO establecen a súa relación mediante o presente convenio, composto polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a NOESCAFÉ TEATRO pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 168.854,75 € (cento sesenta e oito mil oitocentos cincuenta e catro euros con setenta e cinco céntimos). Os ingresos previstos pola Asociación Cultural Noescafé Teatro proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (60.000,00 €, 35,53 % do total), e de outras subvencións ou aportacións públicas, privadas e de recursos propios de Noescafé Teatro (108.854,00 €, 64,47 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

O Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09 realizarase entre os días 27 de febreiro e 14 de marzo de 2009 nos seguintes espazos: Casa das Artes, MARCO, Casa Arines, Museo do Mar, Verbum, e na rúa.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE NOESCAFÉ TEATRO.

- 1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades.*
- 2. Responsabilizarse da organización integral do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09, de difundilo amplamente, dispoñer dos espazos, etc.*
- 3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural, derivada da subvención concedida ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09.*
- 4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima.*
- 5. NOESCAFÉ TEATRO comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).*
- 6. A concesión da subvención a NOESCAFÉ TEATRO implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.*

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL.

- 1. Realizar o seguemento do desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09 e colaborar na súa viabilidade.*
- 2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.*

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUIMIENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a Noescafé Teatro é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09; en particular sobre o calendario da programación prevista, para que, coa antelación necesaria, se poida incluír na información cultural que se produza.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre a Asociación Cultural Noescafé Teatro, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da Concellería da Área de Cultura e Animación Sociocultural figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias Noescafé Teatro, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Animación Sociocultural.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

A Asociación Cultural Noescafé Teatro tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados

en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a Noescafé Teatro polo importe da subvención outorgada para a organización e realización do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09, de acordo co seguinte calendario:

- a) Unha primeira achega, por importe de 30.000,00 € trala aprobación pola xunta de Goberno Local, e unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*
- b) Unha segunda achega ao final do festival por importe de 30.000,00 €, unha vez recibida a documentación xustificativa, cos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural.*

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR OS PAGAMENTOS.-

Para cada unha das achegas:

Solicitude de pagamento de cada unha das partes da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Para a primeira achega:

Consideraranse pagamentos a conta aportando documentación dos compromisos contractuais artísticos con indicación das datas de pagamento. En todo caso a documentación xustificativa e a solicitude de pagamento á conta deberá entregarse no Rexistro Xeral do Concello antes do día 10 de febreiro de 2009.

Para a segunda achega (liquidación da subvención):

- a) Memoria-avaliación do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:
 - 1. Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 - 2. Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).*
 - 3. Memoria de prensa.*
 - 4. Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.*
 - 5. Reportaxe fotográfica.**
- b) Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.*
- c) Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por Noescafé Teatro para financiar a totalidade do Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandising, etc.*

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporárase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables ao Festival Alternativo das Artes Escénicas Alt'09, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

O Importe das subvencións ou axudas percibidas pola Asociación Cultural Noescafé Teatro para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

A Asociación Cultural Noescafé Teatro comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

NOVENA.- INCUMPRIMENTOS.

O incumprimento de obrigas estipuladas neste convenio por parte de NOESCAFÉ TEATRO axustarase ao establecido na normativa de aplicación sinalada no acordo de concesión adoptado pola Xunta de Goberno Local, que podería supoñer a cancelación de pagamentos pendentes ou o reintegro dos abonos que xa foran realizados polo CONCELLO, ou mesmo cancelación do convenio.

DÉCIMA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2008.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO PRIMEIRA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio e o concelleiro-delegado da Área de Cultura e Animación Sociocultural queda facultado para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A ASOCIACIÓN CULTURAL NOESCAFÉ TEATRO, RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A ORGANIZACIÓN DO FESTIVAL ALTERNATIVO DAS ARTES ESCÉNICAS ALT'09

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

Departamento de Cultura	60.000,00 €
Dirección Xeral	25.000,00 €
AGADIC	32.500,00 €
Cultura Alt Week End	18.000,00 €
Departamento de Igualdade	9.000,00 €
Caja Madrid	6.000,00 €
Universidade de Vigo	5.000,00 €
Instituto Camoes	3.000,00 €
Instituto francés	1.000,00 €
Coca-cola	1.000,00 €
Construcións Conde	1.000,00 €
Aportación Noescafé	3.354,00 €
Bilheteira (previsión)	4.000,00 €
TOTAL	168.854,00 €

GASTOS

<i>Comunicación, publicidade</i>	
Servidor	150,00 €
Deseño	800,00 €
Páxina web	800,00 €
Merchandasing	800,00 €
Material gráfico	3.500,00 €
Insercións publicitarias	1.500,00 €
Fotocopias, encuadernacións	250,00 €
Vitrasa	1.500,00 €
Cuñas radiofónicas	1.500,00 €
Distribución	1.500,00 €
Subtotal	12.300,00 €
<i>Programación artística</i>	
Programa oficial	30.000,00 €
Especial "Elas bailan soas"	9.000,00 €
Alt Experimenta/menage a...	5.000,00 €

<i>Alt. Week End</i>	15.000,00 €
<i>Alt. Fóra</i>	15.000,00 €
<i>Máis Alt.</i>	5.000,00 €
<i>Subtotal</i>	79.000,00 €
<i>Producción</i>	
<i>Hoteis</i>	4.000,00 €
<i>Caterings</i>	2.500,00 €
<i>Cameríns</i>	1.000,00 €
<i>Subtotal</i>	7.500,00 €
<i>Producción técnica</i>	
<i>Persoal auxiliar</i>	12.000,00 €
<i>Infraestructuras</i>	11.000,00 €
<i>Equipos de luz e son</i>	14.000,00 €
<i>Subtotal</i>	37.000,00 €
<i>Xestión</i>	
<i>Materiais</i>	655,00 €
<i>Transportes</i>	400,00 €
<i>Persoal</i>	2.000,00 €
<i>Oficina</i>	3.000,00 €
<i>Xestoría e administración</i>	1.500,00 €
<i>Subtotal</i>	7.555,00 €
<i>Week End</i>	
<i>Hoteis e custos convidados</i>	9.000,00 €
<i>Persoal</i>	5.000,00 €
<i>Catálogo e agasallos</i>	3.000,00 €
<i>Xestión e comunicación</i>	3.500,00 €
<i>Subtotal</i>	20.500,00 €
<i>Varios</i>	
<i>Imprevistos e outros</i>	5.000,00 €
<i>Subtotal</i>	5.000,00 €
TOTAL	168.854,75 €

5(80).- ASISTENCIA DE D^a. MARTA NÚÑEZ ABOY Á FEIRA EUROPEA DE TEATRO PARA NENOS E NENAS FETÉN 2009 EN COMISIÓN DE SERVICIO. EXPTE. 11441/331.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da técnica de Xestión de Programación, do 8.01.08, conformado polo xefe do Departamento de Cultura, o concelleiro-delegada da Área de Cultura e Animación sociocultural, a xefa do servizo de fiscalización e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar a asistencia de Marta Núñez Aboy, con nº de persoal 78436 á Feira Europea de Teatro para nenos e nenas Feten 2009 que terá lugar en Gijón entre os días 1 e 6 de marzo de 2009.

2º.- Que se autoricen os seguintes gastos: 620,22 € por 6 dietas enteiras, con cargo á partida 4510.230.01.00 “dietas de personal” e 400 € de viaxe (billetes de avión e desprazamentos por Gijón), con cargo á partida 4510.231.00.00 “gastos de locomoción”.

3º.- Que o citado pagamento se realice a favor de Marta Núñez Aboy, DNI 36138380-K, a través da conta de habilitación AUT 20 CULTURA CONCELLO DE VIGO 2091 0501 61 3110002567.

6(81).- DEVOLUCIÓN DE AVAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO EN VIGO CON MOTIVO DA CARREIRA DO PAVO. EXPTE. 8398/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.01.09, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

Segundo consta neste expediente o departamento de Montes, Parques e Xardíns, impuxo un aval de 4.000€ a Federación Galega de Atletismo en Vigo, para responder os danos posibles na Praza de Compostela, con motivo da celebración do evento “ CARREIRA DO PAVO”, o día 21 de decembro de 2008.

O día 8 de xaneiro de 2008, o Enxeñeiro de Montes, Parques e Xardíns, emite informe no que dí, que por parte do departamento de Montes, Parques e Xardíns non existe inconveniente a que se proceda a devolución xa que non houbo danos na mesma.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a devolución do aval de 4.000 EUROS, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a Delegación da Federación de Atletismo en Vigo, para responder dos danos posibles na Praza de Compostela, xa que non houbo danos no espazo utilizado, na celebración da CARRERA DO PAVO”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(82).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A COMESAÑA SPORTING CLUB CON MOTIVO DO XXX MEMORIAL BELARMINO ALONSO. EXPTE. 8337/333.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director deportivo do IMD, do 21.01.09, conformado polo concelleiro de Deportes, que di o seguinte:

Segundo consta neste expediente o departamento de Montes, Parques e Xardíns, impuxo un aval de 2.000€ a Comesaña Sporting Club, para responder os posibles danos no paseo do río Lagares, con motivo da celebración do evento “ XXX MEMORIAL BELARMINO ALONSO”, o pasado día 30 de novembro de 2008.

O día 8 de xaneiro de 2008, o Enxeñeiro de Montes, Parques e Xardíns, emite informe no que dí, que por parte do departamento de Montes, Parques e Xardíns non existe inconveniente a que se proceda a devolución xa que non houbo danos na mesma.

Visto o anterior, proponse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Autorizar a devolución do aval de 2.000 EUROS, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a Comesaña Sporting Club, para responder dos danos posibles no paseo do río Lagares, pola celebración do XXX MEMORIAL BELARMINO ALONSO”, xa que non houbo danos no espazo utilizado .

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(83.- AUTORIZACIÓN PROVISIONAL DA READMISIÓN DE D^a PILAR PITA BALTEIRO EN CUMPRIMENTO DA SENTENZA DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA. EXPTE. 18613/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 1.12.08, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En data 3 de novembro do 2008 a Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no recurso de suplicación nº 4196/2008, interposto por D^a Pilar Pita Balteiro e polo Concello de Vigo contra a Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo de 4 de xullo do 2008, estimatoria parcial da demanda.

Na sentenza dictada en suplicación o TSXG estima parcialmente o recurso de suplicación interposto pola representación legal de D^a Pilar Pita Balteiro e desestima totalmente a suplicación interposta pola representación legal do Concello de Vigo, fallando literalmente que:

“Estimando parcialmente el recurso de suplicación interpuesto por Doña Pilar Pita Balteiro y desestimando totalmente el recurso de suplicación interpuesto contra el Excelentísimo Concello de la Ciudad de Vigo contra la Sentencia de 4 de julio de 2008, del Juzgado de lo Social nº 1 de Vigo, dictada en juicio seguido a instancia de Doña Pilar Pita Balteiro contra el excelentísimo Concello de la Ciudad de Vigo, la Sala revoca y, estimando sustancialmente la demanda rectora, declaramos la nulidad de la extinción del contrato de la trabajadora demandante, y en lógica consecuencia, condenamos a su inmediata readmisión, con abono de los salarios dejados de percibir en la cuantía de 98,76 euros diarios y a las costas de su recurso de suplicación, fijando en 300 euros los honorarios de la letrada de la trabajadora”

2.- A representación legal do Concello, a requerimento do Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de data 11/11/2008, manifestou a procedencia da interposición de recurso de casación para a unificación de doutrina perante o Tribunal Supremo, ap existir sentenzas con criterio xurídico diferente. Igualmente, entende a citada representación legal que procede a a readmisión inmediata e o aboamento dos salarios de tramitación, descontando as prestacións en concepto de Seguridade Social que houbera recibido.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas

dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstes, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l'esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións

Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar que o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, efectúa no seu artigo 235 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 27 de xuño do 2008, recaída no recurso de suplicación nº 2232/2008.

IV. En consecuencia, provisionalmente e en tanto non sexa dictada resolución xudicial no recurso de casación para a unificación de doutrina nos termos dos artigos 216 a 226 do Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, que no seu caso se interpoña pola representación legal do Concello –obviamente, salvo mellor criterio en contrario da Asesoría Xurídica Municipal- procede que, con carácter urxente se autorice a readmisión provisional da recorrente D^a Pilar Pita Balteiro no Concello de Vigo, dentro da Área de Benestar Social, aos efectos de que preste os seus servizos de xeito efectivo no Plan Galego de Inclusión Social- Proxecto INTES, nos termos da propia sentenza.

V. En canto ao aboamento dos salarios deixados de percibir pola recorrente, no fallo da propia sentenza condénase ao Concello de Vigo ao aboamento dos salarios deixados de percibir na contía de 98,76 euros diarios; cuantificación que deberá efectuarse pola Tesourería Municipal-Negociado de Nóminas tomando como data de inicio do cómputo o 31/12/2007 -data da finalización do vínculo contractual declarado xudicialmente como despido nulo- ata a actualidade, en aplicación do preceptuado no artigo 55.5 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores.

O réxime retributivo e as contías concretas para o cálculo dos importes que se deriven do dito cálculo deberá ser en todo caso o vixente “Acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo”, ao igual que o restante persoal laboral do Concello, como así o estimou o TSXG na referida resolución xudicial (fundamento xurídico 9º in fine).

Unha vez efectuada a cuantificación citada, procederase ao sometemento da correspondente proposta de acordo á Xunta de Goberno Local, órgano municipal competente ao efecto segundo o réxime de atribucións contido no artigo 127 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, segundo a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, previa a preceptiva fiscalización da mesma nos termos da lexislación reguladora das Facendas Locais (Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, pòlo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais)

Polo que respecta ao pago das retribucións da recorrente cuxo reingreso se propón autorizar, e en tanto non se regularice definitivamente a situación por sentenza xudicial firma, este Servizo unicamente dispón da partida orzamentaria 121.0.140.00.00 (outras modalidades de contratación laboral temporal) para sufragar o salario de D^a Pilar Pita Balteiro, entendendo a suscribinte –a salvo de mellor criterio da Intervención Xeral- que deberá imputarse o gasto que xenere a readmisión á sinalada partida.

Lémbrese que ata a finalización da relación laboral entre a reclamante e o Concello de Vigo, os salarios da mesma aboábanse parcialmente con cargo ao crédito xenerado no Capítulo I derivado da financiación

outorgada pola Administración autonómica, no marco dos convenios de colaboración Concello de Vigo-Xunta de Galicia.

VI. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 02/01/2004, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Autorizar provisionalmente a readmisión de D^a Pilar Pita Balteiro, con DNI nº 32.608.486, na Área de Benestar Social, aos efectos de que preste os seus servizos de xeito efectivo no Plan Galego de Inclusión Social- Proxecto INTES, en execución da Sentenza de 3 de novembro do 2008, dictada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación nº 4196/2008, interposto por D^a Pilar Pita Balteiro e polo Concello de Vigo contra a Sentenza do Xulgado do Social nº 1 de Vigo de 4 de xullo do 2008, estimatoria parcial da demanda.

A dita readmisión, que terá efectos da data de adopción do presente acordo, queda condicionada ao que resulte do fallo da sentenza que no seu momento se dicte polo Tribunal Supremo no recurso de casación para a unificación de doutrina, a interpoñer pola representación legal do Concello ao abeiro do establecido nos artigos 216 a 226 do Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral.

SEGUNDO.- Acordar que pola Tesourería Municipal-Negociado de Nóminas se proceda á cuantificación dos salarios deixados de percibir pola recorrente, na contía de 98,76 euros diarios dende o 31/12/2007 ata a actualidade, en aplicación do preceptuado no artigo 55.5 do Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores, aos efectos de proceder á posterior tramitación do expediente de aboamento dos mesmos.

TERCEIRO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 1 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa resolución xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura da Área de Benestar Social e Servizo de Recursos Humanos (Organización e Métodos) aos efectos que procedan.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(84).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ENCOMENDA DE FUNCIONS DE TÉCNICO DE XESTIÓN A FUNCIONARIA ADSCRITA Á UNIDADE DE PERSOAL. EXPTE. 18759/220.

Dáse conta do decreto do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, do 14.01.09, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

As necesidades de persoal técnico no Servizo de Recursos Humanos, postas de manifesto no escrito remitido pola Xefa do Servizo en data 04/12/2008, conformado pola Xefa da Área de Réxime Interior, conlevan o necesario reforzamento provisional do mesmo con persoal coñecedor das materias, asuntos e expedientes que de cotío son tramitados no mesmo, sempre que dispoña de titulación ao efecto, propoñéndose a tal obxecto a encomenda de funcións de técnico de xestión, propias dos funcionarios encadrado no subgrupo A2, á funcionaria D^a M^a José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042, administrativa de administración xeral adscrita á Xefatura do Negociado de Réxime Interior, a cal conta con titulación suficiente a tal efecto.

Considerando o disposto no artigo 73.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 89, do venres 13 de abril do 2007) que preceptúa que as Administracións Públicas poderán asignar ao seu persoal funcións, tarefas ou responsabilidades distintas ás correspondentes ao posto de traballo que desenvolvan, sempre que resulten adecuadas á súa clasificación, grao ou categoría, cando as necesidades do servizo así o xustifiquen e sen merma das retribucións;

No uso das competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 124.4.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e que ostento por delegación efectuada en Decreto de data 5 de xullo do 2007 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal,

RESOLVO

“Primeiro.- Encomendar provisionalmente á funcionaria D^a M^a José Rodríguez Martínez, con nº de persoal 22.042, administrativa de administración xeral adscrita á Xefatura do Negociado de Réxime Interior, funcións de técnico de xestión no Servizo de Recursos Humanos, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal está adscrito como das características inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura do Servizo.

Segundo.- A dita encomenda, que en todo caso ten carácter provisional, terá validez dende a data do presente decreto e ata que se proceda á adscripción du nha praza e correspondente posto de traballo asociado de técnico de xestión no Servizo de Recursos Humanos, e en todo caso ata 31 de decembro do presente ano 2009, devengando os dereitos retributivos que se establezan consonte á lexislación vixente e instrucións de plantilla anexas á Relación de Postos de Traballo.

Terceiro.- Da presente resolución, que xurdirá efectos a partires do seguinte día ao da súa notificación, dese traslado á interesada, concelleiro/a-delegado/a da Área, Xefatura da Área de Réxime Interior, Xefatura do Servizo de Recursos Humanos, Organización e Métodos, así como ao Comité de Persoal para coñecemento e efectos.

Cuarto.- Dar conta da presente á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.”

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

10(85).- DAR CONTA DA ANULACIÓN DA PROVIDENCIA DE PREMA SOBRE LIQUIDACIÓNS POR ABASTECIMENTO E SANEAMENTO DE AUGA. EXPTE. 9932/700.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do tesoureiro municipal, do 20.01.09, que di o seguinte:

En sesións ordinarias de datas 22 de maio de 2006 e 19 de marzo de 2007 na Xunta de Goberno Local, acordouse a seguinte resolución:

"Interesar da Tesoureria Municipal do Concello de Vigo que, tralas comprobacións e informes que estime oportuno recadar, se inicie e desenvolva o procedemento administrativo de constrinximento mediante providencia dictada polo Tesoureiro municipal e notificada ao obrigado tributario, que permita a xestión de cobramento das cantidades adebedadas á entidade concesionaria, segundo consta nas certificacións de descuberto emitidas con data 16 de setembro de 2005 e 20 de decembro de 2006, en cumprimento do establecido nas cláusulas 67 e seguintes do prego de condicións económico-administrativas que rexeu o concurso para o outorgamento da concesión e con arranxo ó procedemento regulado na Lei xeral tributaria e o Regulamento xeral de recadación"

En data 20 de xaneiro de 2009, e no uso das atribucións que lle confire a lexislación vixente (Real Decreto 1174/87 do 18 de setembro, B.O.E. 29/09/1987), o Sr. Tesoureiro acordou a anulación da providencia de apremio dictada no seu día sobre as liquidacións que se detallan ó seguir, así como a notificación deste acto de declaración de nulidade ós interesados, en virtude do/s escrito/s presentado/s en data 10/05/2007, 20/04/2007,02/07/2007, pola Concesionaria do Servizo Municipal de Abastecemento e Saneamento de Auga do Concello de Vigo (AQUALIA) do que se achega copia.

Nos citados escritos solicitábase a anulación dos recibos relacionados pola concesionaria, unha vez acordada a estimación das reclamacións interpostas contra as liquidacións xiradas no seu día, segundo o establecido no Anexo G-60 da Ordenanza Fiscal do Concello de Vigo sobre as TAXAS POLA PRESTACION DE SERVICIOS DE SUBMINISTRACION DE AUGA POTABLE, REDE DE SUMIDOIROS, SANEAMENTO E DEPURACION DE AUGAS RESIDUAIS.

Xa que ten desaparecido a débeda que orixinou no seu día a iniciación do procedemento de apremio, dase traslado á Xunta Local de Goberno para o seu coñecemento.

DETALLE DAS LIQUIDACIÓNS:

NOME	DNI	CONCEPTO	ANO	Nº RECIBO	PRINCIPAL
SANMARTIN DEL BARRIO URBANO	36108753H	ABASTECIM.AGUA	2002	028600933	547,65
COLLAZO REBOREDA ENRIQUE	35825132X	ABASTECIM.AGUA	2002	028600312	622,63
NUÑEZ OLIVEZ JOSE ANTONIO	35941955	ABASTECIM.AGUA	2002	028900453	1220,05
GIL BERNARDEZ JOSE	35914415	ABASTECIM.AGUA	2002	028900153	784,32
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2004	048613159	41,03
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2004	048613160	41,03
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2004	048613161	41,03

MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2004	048613162	41,03
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2004	048613163	41,03
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2004	048613164	41,03
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2005	058648274	42,11
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2005	058648275	42,11
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2005	058648276	42,11
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2005	058648277	42,11
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2005	058648278	42,11
MARIA PEREZ PEREIRA	36106458T	ABASTECIM.AGUA	2005	058648279	42,11
JOSE RAMON CASADO PEREZ	35953833A	ABASTECIM.AGUA	2005	058647276	29,26
JOSE RAMON CASADO PEREZ	35953833A	ABASTECIM.AGUA	2005	058647277	27,49
JOSE RAMON CASADO PEREZ	35953833A	ABASTECIM.AGUA	2005	058647278	27,49
JOSE RAMON CASADO PEREZ	35953833A	ABASTECIM.AGUA	2005	058647279	27,49
JOSE RAMON CASADO PEREZ	35953833A	ABASTECIM.AGUA	2005	058647280	27,49
JOSE RAMON CASADO PEREZ	35953833A	ABASTECIM.AGUA	2005	058647281	25,43
PANIFICADORA VIGUESA S. A.	A36600328	ABASTECIM.AGUA	2004	048611858	25,93
PANIFICADORA VIGUESA S. A.	A36600328	ABASTECIM.AGUA	2004	048611859	25,93
PANIFICADORA VIGUESA S. A.	A36600328	ABASTECIM.AGUA	2004	048611860	25,93
PANIFICADORA VIGUESA S. A.	A36600328	ABASTECIM.AGUA	2004	048611861	25,93
PANIFICADORA VIGUESA S. A.	A36600328	ABASTECIM.AGUA	2004	048611862	25,93
PANIFICADORA VIGUESA S. A.	A36600328	ABASTECIM.AGUA	2004	048611863	25,93
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2002	028600151	454,12
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048611930	41,03
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048611931	41,03
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048611932	41,03
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048611933	41,03
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048611934	41,03
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048611935	41,03
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2005	058647119	42,11

TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2005	058647120	42,11
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2005	058647121	42,11
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2005	058647122	42,11
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2005	058647123	42,11
TOMAS ALONSO PEREZ	35828095Y	ABASTECIM.AGUA	2005	058647124	42,11
ALFREDO VAZQUEZ RODRIGUEZ	35981452E	ABASTECIM.AGUA	2005	058648095	27,49
ALFREDO VAZQUEZ RODRIGUEZ	35981452E	ABASTECIM.AGUA	2005	058648096	26,91
ALFREDO VAZQUEZ RODRIGUEZ	35981452E	ABASTECIM.AGUA	2005	058648097	27,49
ALFREDO VAZQUEZ RODRIGUEZ	35981452E	ABASTECIM.AGUA	2005	058648098	27,49
LANDESA PEREZ ISABEL	35922947Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048612098	26,79
LANDESA PEREZ ISABEL	35922947Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048612099	26,79
LANDESA PEREZ ISABEL	35922947Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048612100	26,79
LANDESA PEREZ ISABEL	35922947Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048612101	26,79
LANDESA PEREZ ISABEL	35922947Y	ABASTECIM.AGUA	2004	048612102	26,79
MERCEDES REPRESAS ALVAREZ	35507522F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647513	793,53
MERCEDES REPRESAS ALVAREZ	35507522F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647514	62,14
MERCEDES REPRESAS ALVAREZ	35507522F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647515	89,16
MERCEDES REPRESAS ALVAREZ	35507522F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647516	27,49
MERCEDES REPRESAS ALVAREZ	35507522F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647517	53,18
MERCEDES REPRESAS ALVAREZ	35507522F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647518	27,49
MANUEL SOMOZA QUINTANS	35932418R	ABASTECIM.AGUA	2005	058647726	27,49
MANUEL SOMOZA QUINTANS	35932418R	ABASTECIM.AGUA	2005	058647727	27,49
MANUEL SOMOZA QUINTANS	35932418R	ABASTECIM.AGUA	2005	058647728	27,49
MANUEL COSTAS BEA	35975508N	ABASTECIM.AGUA	2005	058646933	49,97
MANUEL COSTAS BEA	35975508N	ABASTECIM.AGUA	2005	058646934	49,97
MANUEL COSTAS BEA	35975508N	ABASTECIM.AGUA	2005	058646935	49,97
MANUEL BALBOA JANEIRO	34534356V	ABASTECIM.AGUA	2005	058647383	27,49
MARIA ISABEL MARTA ACEVEDO	35975113P	ABASTECIM.AGUA	2005	058648330	42,11
MARIA ISABEL MARTA ACEVEDO	35975113P	ABASTECIM.AGUA	2005	058648331	42,11

HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2002	028600554	271,59
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2004	048611886	26,79
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2004	048611887	26,79
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2004	048611888	26,79
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2004	048611889	26,79
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2004	048611890	26,79
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2004	048611891	26,79
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2005	058647060	27,49
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2005	058647061	27,49
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2005	058647062	27,49
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2005	058647063	27,49
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2005	058647064	27,49
HERMINIA TORRES SALGADO	36026362J	ABASTECIM.AGUA	2005	058647065	27,49
GESTO MATA MARIA JULIA	36032801N	ABASTECIM.AGUA	2004	048612896	26,79
GESTO MATA MARIA JULIA	36032801N	ABASTECIM.AGUA	2004	048612897	26,79
GESTO MATA MARIA JULIA	36032801N	ABASTECIM.AGUA	2004	048612898	26,79
GESTO MATA MARIA JULIA	36032801N	ABASTECIM.AGUA	2004	048612899	26,79
GESTO MATA MARIA JULIA	36032801N	ABASTECIM.AGUA	2004	048612900	26,79
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2004	048612286	31,09
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2004	048612287	31,95
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2004	048612288	39,68
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2004	048612289	54,42
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2004	048612290	26,79
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2004	048612291	36,24
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647401	31,9
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647402	27,49
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647403	27,49
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647404	38,09
JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647405	27,49

JOSE GONZALEZ ROMERO	27560539F	ABASTECIM.AGUA	2005	058647406	27,49
INGENIERIA EN TRANSPORTADORES R. C. S. L	B36924561	ABASTECIM.AGUA	2004	048613488	41,03
INGENIERIA EN TRANSPORTADORES R. C. S. L	B36924561	ABASTECIM.AGUA	2004	048613489	41,03
INGENIERIA EN TRANSPORTADORES R. C. S. L	B36924561	ABASTECIM.AGUA	2005	058648612	4,29
INGENIERIA EN TRANSPORTADORES R. C. S. L	B36924561	ABASTECIM.AGUA	2005	058648613	39,14
IÑIGO LOPEZ CONS	35889657C	ABASTECIM.AGUA	2005	058648365	27,49
IÑIGO LOPEZ CONS	35889657C	ABASTECIM.AGUA	2005	058648366	44,27
IÑIGO LOPEZ CONS	35889657C	ABASTECIM.AGUA	2005	058648367	47,81
IÑIGO LOPEZ CONS	35889657C	ABASTECIM.AGUA	2005	058648368	41,62
IÑIGO LOPEZ CONS	35889657C	ABASTECIM.AGUA	2005	058648369	43,38
IÑIGO LOPEZ CONS	35889657C	ABASTECIM.AGUA	2005	058648370	31,9
MARIA ISABEL COMESAÑA ALEN	35977623B	ABASTECIM.AGUA	2005	058648471	27,49
MARIA ISABEL COMESAÑA ALEN	35977623B	ABASTECIM.AGUA	2005	058648472	27,49
TIEVO SOLIÑO MARIA JESUS	76811280C	ABASTECIM.AGUA	2004	048612902	26,79
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2004	048613071	41,03
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2004	048613072	41,03
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2004	048613073	41,03
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2004	048613074	41,03
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2004	048613075	41,03
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2004	048613076	41,03
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2005	058648192	26,52
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2005	058648193	42,11
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2005	058648194	42,11
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2005	058648195	42,11
VICTORIA EUGENIA ALVAREZ LARRAN	35995718M	ABASTECIM.AGUA	2005	058648196	42,11
JOSE CARLOS VILASBOAS COSTA	36003946E	ABASTECIM.AGUA	2005	058647954	27,49
JOSE CARLOS VILASBOAS COSTA	36003946E	ABASTECIM.AGUA	2005	058647955	27,49
JOSE CARLOS VILASBOAS COSTA	36003946E	ABASTECIM.AGUA	2005	058647956	27,49
JOSE CARLOS VILASBOAS COSTA	36003946E	ABASTECIM.AGUA	2005	058647957	27,49

FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2004	048611894	26,79
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2004	048611895	26,79
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2004	048611896	26,79
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2004	048611897	26,79
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2004	048611898	26,79
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2004	048611899	26,79
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2005	058647072	27,49
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2005	058647073	27,49
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2005	058647074	27,49
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2005	058647075	27,49
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2005	058647076	27,49
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2005	058647077	27,49
FERNANDO COBIAN VALENZUELA	36029272W	ABASTECIM.AGUA	2006	068699506	14,85
MARIA DEL CARMEN QUESADO ANDRES	76888993Q	ABASTECIM.AGUA	2005	058647504	42,11
MARIA DEL CARMEN QUESADO ANDRES	76888993Q	ABASTECIM.AGUA	2005	058647505	42,11
MARIA DEL CARMEN QUESADO ANDRES	76888993Q	ABASTECIM.AGUA	2005	058647506	42,11
MARIA DEL CARMEN QUESADO ANDRES	76888993Q	ABASTECIM.AGUA	2005	058647507	42,11
MARIA DEL TRANSITO IGLESIAS TO-DEA	36061988N	ABASTECIM.AGUA	2005	058648463	24,73
JOAQUIN OTERO IGLESIAS	35820141X	ABASTECIM.AGUA	2004	048612061	26,79
JOAQUIN OTERO IGLESIAS	35820141X	ABASTECIM.AGUA	2004	048612062	26,79
ANA R. MIGUEZ GONZALEZ	36023229P	ABASTECIM.AGUA	2005	058647298	56,43
RODYBASA S. L.	B36787174	ABASTECIM.AGUA	2002	028600908	77,2
JOSE SOTO COMESAÑA	35815804C	ABASTECIM.AGUA	2005	058647066	100,02
JOSE SOTO COMESAÑA	35815804C	ABASTECIM.AGUA	2005	058647067	32,55
RAMON BLANCO MENIÑO	35818326N	ABASTECIM.AGUA	2005	058647153	26,63
ANTONIO TAPIA FERNANDEZ	35868782Y	ABASTECIM.AGUA	2005	058647398	27,49
ANTONIO TAPIA FERNANDEZ	35868782Y	ABASTECIM.AGUA	2005	058647399	27,49

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

11(86).-SOLICITUDE DE INSTRUCCIÓN PARA A COORDINACIÓN DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA XUNTA DE COMPENSACIÓN DA UE 1-06 ROSALÍA DE CASTRO II E CONSTRUCCIÓN DO APARCADOIRO. EXPTE. 15/403.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do director dos Servizos Técnicos, do 26.11.08, conformado polo secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo e a Xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

A Xunta de goberno local de data 14.02.05 acordou o seguinte: “(...): PRIMEIRO: Estimar e desestimar as alegacións formuladas durante o período de información pública no procedemento de referencia no senso e polos motivos sinalados na parte expositiva deste acordo. SEGUNDO: Aprobar definitivamente o Proxecto de Urbanización da UE I-06-Rosalía de Castro 2, promovido pola Xunta de Compensación dese polígono, redactado polo arquitecto D. José María Catalán Pérez de Lis, con Memoria e Planos visados polo COAG nos días 31/12/2002, 07/02/2003 e 10/02/2005. (expte. 4401/401). TERCEIRO: Habida conta da probabilidade de que no ámbito deste polígono se atopen restos arqueolóxicos de interese, con anterioridade ó inicio das obras deberá redactarse e aprobarse un proxecto de protección arqueolóxica, que se executará baixo a supervisión do departamento municipal de Patrimonio Histórico e, no seu caso, da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia. CUARTO: Comunicarase o inicio das obras ó Coordinador municipal da área de servizos. Para poder solicitar Licenza de edificación antes da finalización e recepción definitiva das obras de urbanización, deberá constituírse a correspondente garantía por importe de 915.101,74 euros. A dirección técnica das obras presentará un plan de control de calidade, e aqueles ensaios e/ou documentos que avalen a idoneidade das unidades de obra necesarias, conforme ó articulado do prego de prescricións técnicas e ó mentado control de calidade.(...)”.

En data 14.08.06 a Xunta de goberno local deu aprobación definitiva ó expediente de contratación e texto definitivo dos pregos de condicións do concurso para a xestión mediante concesión de servizo público de aparcadoiros subterráneos de uso mixto en diferentes lugares da cidade de Vigo (expte 72.151/210).

O mesmo órgano o 21.05.07, a proposta da Mesa de Contratación do 14.05.07, acordou o seguinte: “(...) adxudicar a PUENTES Y CALZADAS GRUPO E EMPRESAS, S.A., o Lote –II do concurso para a xestión do servizo público mediante concesión para a construción e posterior xestión de tres (3) aparcamentos públicos para vehículos automóbiles nas rúas: Castela, Jenero de la Fuente e Rosalía de Castro (...)”.

A Xunta de compensación da “UE Rosalía de Castro II”, presenta 3.10.08 (doc 80121953) escrito no que se constata o seguinte: “(...) es una realidad técnicamente incontestable que las obras de urbanización del sistema viario de la UE I 06 Rosalía de Castro 2, cuya ejecución ha encomendado esta Junta de Compensación a la mercantil <Atlántico Construcciones y promociones, S.L.>, precisan ser objeto de una adecuada coordinación con las obras de construcción del aparcamiento subterráneo (...) Por todo ello, y por un elemental ejercicio de racionalidad constructiva, resulta preciso que a la mayor brevedad se cursen indicaciones a esta Junta de Compensación, y a la empresa urbanizadora también, por las que nos informe del modo en que han de coordinarse las obras de urbanización del sistema viario de la UE Rosalía de Castro 2 con las de construcción del aparcamiento público y con las de <humanización> de la calle Areal, ofreciéndonos las instrucciones necesarias para alcanzar, en tiempo y forma, un correcto nivel de ejecución de la urbanización viaria de esta unidad de actuación tal que no se vea interferido por la el grado de ejecución/paralización que está experimentando la construcción del aparcamiento, como tampoco por las futuras actuaciones de iniciativa pública que pretenden llevarse a cabo en la calle Areal (...)”.

Dado que é preciso compatibilizar as obras de urbanización da UE Rosalía de Castro II e a execución das obras de construción do aparcadoiro público adxudicado a “Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A.”, o Director dos servizos técnicos informou o 12.11.08 o seguinte: “(...)O 3/10/2008, a Xunta de Compensación da U.E. ROSALÍA DE CASTRO II, presenta un escrito no que expón a singularidade da situación plantexada, pola adxudicación da concesión dos aparcamentos soterrados a PUENTES Y CALZADAS, en terreos a

urbanizar pola Xunta de Compensación, solicitando instrucións o respecto. As obras de urbanización, é evidente que deberán, sempre que sexa posible, estar coordinadas coas dos aparcamentos. Xa que non tería sentido que esa Xunta de Compensación, procedera a urbanizar na zona afectada pola traza dos aparcamentos, para logo que se teña que demoler a obra feita. Os ritmos os marca, por unha parte as cautelas arqueolóxicas impostas pola Dirección Xeral da Patrimonio Cultural, da Consellería de Cultura, e por outro a execución das obras de edificación que están previstas no ámbito. O ideal sería, que o concesionario dos aparcamentos rematara a súa lousa superior, colocara a impermeabilización desta, e que o Concello, a continuación, notificara a Xunta de Compensación a dispoñibilidade dos terreos para a súa urbanización. Puentes y Calzadas, está executando agora o aparcamento de residentes, tendo previsto o remate da lousa da cuberta e a súa impermeabilización para maio de 2009. Co que, nesa data, o Concello poderá poñer a disposición da Xunta de Compensación a praza para a súa urbanización de acordo co proxecto de urbanización aprobado. Respecto a rúa Miragalla, poderá iniciarse a súa execución, tomando en conta que, a descarga da nova rede de pluviais se fará a taxa da rúa Serafín Avendaño, na beirarúa esquerda da rúa Areal tal coma pide Aqualia. Sempre facendo as comprobacións de pendentes correspondentes, para garantir que non estre en carga. O resto da urbanización (Rosalía de Castro), de momento, retrasarase ata que se poida precisar con exactitude, o inicio das obras do aparcamento nesa zona, para a súa coordinación coas obras de urbanización a realizar por esa Xunta de Compensación. En canto os materiais das beirarúas, o Goberno Municipal plantexa para esta zona o uso de pedra <granito Gris Mondariz 60 x 40 x 4 cm e bordo de granito Branco Mera de 15 x 30 cm, para a reposición de Rosalía de Castro dende Serafín Avendaño a Oporto> (...)

FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

1.- Necesidade de compatibilización e coordinación das obras de urbanización coa execución das obras de construción do aparcadoiro dentro do ámbito da “UE Rosalía de Castro II”.- Tendo en conta os antecedentes e os informes recabados, precisa do establecemento dunhas pautas de coordinación das obras de urbanización do ámbito da “UE Rosalía de Castro II” e as encomendadas no concurso de xestión de servizo público á empresa “Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A.”. Tra-lo escrito presentado polos representantes da Xunta de Compensación de data 3.10.08 o Director dos servizos técnicos de data 12.11.08 propoñe unha serie de medidas de coordinación das obras do ámbito. En concreto, se insta a execución daquelas obras de urbanización que non quedan afectadas pola construción do aparcadoiro público e por outra parte, se demora á posta a disposición dos terreos nos que está a actuar a empresa adxudicataria ata o remate da lousa da cuberta e a súa impermeabilización. Por outra parte, é preciso recordar que a titularidade dos terreos onde está prevista a construción dos aparcadoiros, son de titularidade pública coa condición de ben de dominio público ex 118 da Lei 9/02, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Dado que no presente momento a Xerencia municipal de urbanismo concedeu diversas licenzas para a construción de edificacións e, tendo en conta que a terminación puidera non coincidir coa terminación das obras de construción do aparcadoiro, estímase necesario a realización dun estudo sobre as condicións mínimas ou nivel mínimo de equipamento que permita autorizar a recepción parcial das obras de urbanización para os efectos de outorgamento de licenzas de primeira ocupación.

2.- Órgano competente para a adopción do acordo de incoación e resolución do expediente.- Dada a redacción do artigo 127.1.k da Lei 7/85, a competencia para a aprobación do presente acordo corresponde á Xunta de Goberno Local.

Por todo elo, á vista do escrito presentado e o informado polo Director dos servizos técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo, PROPONSE o seguinte:

1.- Informar á “Xunta de compensación da UE Rosalía de Castro II” que a empresa “Puentes y Calzadas empresas reunidas, S.A.” está executando as obras de construción do “aparcadoiro de residentes”. O remate da lousa da cuberta e a súa impermeabilización está prevista para o mes de maio do ano 2009, momento no

que o Concello poderá poñer a disposición da Xunta de Compensación a praza para a súa urbanización de acordo co proxecto aprobado.

2.- Instar a execución das obras de urbanización con respecto a rúa “Miragalla”, tendo en conta o informado polo Director dos servizos técnicos en data 12.11.08.

3.- Suspende a execución das obras do resto de urbanización, sen prexuízo de que cando se coñeza a data exacta do inicio das obras de construción do aparcadoiro, se informen sobre as medidas de coordinación que procedan.

4.- Dar conta do presente acordo á Xunta de Compensación, á empresa “Puentes y Calzadas Grupo de Empresas, S.A.” e á oficina de patrimonio do Concello de Vigo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(87).- MEMORIA VALORADA E ADXUDICACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO NO CÑO. FREIXEIRO-ALCABRE. EXPTE. 57253/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe Administrativo da Área de Servizos Xerais e Vías e Obras, do 3.12.09, conformado polo xefe e pola concelleira da área de Servizos Xerais e Vías e Obras, que di o seguinte:

Nos anos 2004 e 2006 a Asociación de veciños de Alcabre solicitou a construción dun colector de saneamento polo Cmño. Freixeiro para dar servizo de alcantarillado ás vivendas de dito Cmño, pero a obra non se executou por non poder ter continuidade dito colector o estar sin rematar o da urbanización Finca Solita no que debería engancharse o do Cmño. Freixeiro

Unha vez rematado o colector da urbanización Finca Solita os veciños volven a solicitar ó Concello a construción do colector do Cmño Freixeiro na parroquia de Alcabre para poder darlle servizo de saneamento ás vivendas nºs. 17 , 21 , 27 e 29.

Con ánimo de resolver esta situación a Concellería Delegada solicitoulle a Aqualia - empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento – o estudo da posibilidade de construír dito tramo de colector e así poder conectar estas vivendas á rede municipal.

A concesionaria Aqualia confeccionou unha Memoria valorada describindo as obras necesarias para poder executar ditas conexións e presupostando as mesmas nun importe total total de seis mil euros con vinte e sete céntimos (6.000,27 €) sen IVE

O presuposto das obras contempladas na memoria confeccionada por Aqualia está elaborado de acordo co cadro de prezos por unidade de obra xa aprobado polo Concello

No presuposto vixente deste exercicio 2008 non se contempla partida presupostaria para executar estas obras, pero na conta de ingresos de acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais que xestiona a empresa concesionaria do servizo “Aqualia” sí existe actualmente crédito suficiente para dar cobertura a esta obra .

Convén suliñar que estas solicitudes de acometidas son firmes e os interesados xa aboaron á empresa concesionaria Aqualia os importes dos presupostos de ditas acometidas

Polo anteriormente exposto este servizo de Vías e Obras proponlle á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo :

PROPOSTA:

1º.- Aprobar a Memoria Valorada redactada por Aqualia en outubro 2008 para executa-las obras de ampliación do colector de saneamento no Cmño. Freixeiro – Alcabre para a instalación de acometidas de saneamento das vivendas sitas en dito Cmño. que permita a evacuación de augas residuais a través deste novo colector cun presuposto total de 6.000,27 €, sin o IVE .

2º.- Adxudicar a execución de ditas obras á “Aqualia”, - empresa concesionaria do servizo municipal de abastecemento e saneamento- por un importe de 6.000,27 € (sen IVE) e con cargo ó saldo da “ Conta de Ingresos de Acometidas ás redes de abastecemento e saneamento municipais ” que xestiona dita empresa como concesionaria do servizo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(88).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A VIGUESA DE PATRIMONIOS Y ADMINISTRACIÓN S.L. POR OCUPACIÓN DA VÍA EN CARRAL, 18. EXPTE. 57306/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.12.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 17 de xullo de 2007 autorizouse a VIGUESA DE PATRIMONIOS Y ADMINISTRACION, S.L. a ocupación da vía pública cun valado de obra (exp. 53192/250) e cunha ocupación de 13 m² na rúa Carral, 18 para substitución da carpintería e selado de cemento con licenza 58947/421, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros) nº de operación 200700047489 de data 08/08/2007.

Solicitada a devolución da fianza con data 01/07/2008 e número de documento 80082752 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 20/08/2008, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tresmil euros), a favor de VIGUESA DE PATRIMONIOS Y ADMINISTRACION, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(89).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A MANUEL LORENZO MURADAS S.A. POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA EN URZÁIZ Nº 1. EXPTE. 56946/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 11.12.08, conformado pola concelleira delegada da Área de Servizos Xerais, que di o seguinte:

Con data 22/07/2008 autorizouse a MANUEL LORENZO MURADAS SA. a ocupación da vía pública cun andamio e un valo de obra con número de expediente 56140/250, cunha ocupación de 12 m² na rúa Urzáiz, nº 1 para restauración fachada do inmovible con licenza 57985/421, constituíndo unha fianza de 3.000 € (tres mil euros), con número de operación 200800039849 de data 22/07/2008.

Solicitada a devolución da fianza con data 27/10/2008 e número de documento 80134414 e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 06/11/2008, indícase que o andamio e o valado foron retirados e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 3.000 € (tres mil euros), a favor de MANUEL LORENZO MURADAS SA

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(90).- PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE E AVISO PREVIO DA OBRA “HUMANIZACIÓN DO BARRIO DE BOUZAS. FASE I. ENTORNO MERCADO”. EXPTE. 738/443.

Dáse conta do informe-proposta do xefe da Área dos Servizos Xerais, do 23.01.09, que di o seguinte:

Localidade e situación: BOUZAS - VIGO

Órgano de Contratación: CONCELLO DE VIGO

Autor/a do proxecto: Enxeñeiro de camiños, canles e portos, D. LUIS H. GÓMEZ CARRIÓN

Dirección facultativa: D. JORGE MUÑOZ RAMA

Contratista titular do plan: CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.

Coordinador/a de seguridade e saúde durante a elaboración do proxecto: D. Luis H. Gómez Carrión

Autor/a do estudo de seguridade e saúde ou do estudo básico: D. Luis H. Gómez Carrión

Autor/a do plan de seguridade e saúde no traballo: CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A.

Coordinar/a de seguridade e saúde durante a execución da obra ou componentes da dirección facultativa da obra: D. EMILIO OTERO MARTÍNEZ Titulación: INGENIERO T. OBRAS PÚBLICAS

Visto o informe dos técnicos titulados arriba expresados, referente ao:

Plan de seguridade e saúde establecido para esta obra, documento que foi redactado nos termos previstos no Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, e disposicións concordantes da Lei 31/1995 de 8 de novembro e do Regulamento aprobado polo Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro.

Considerando que, coas indicacións antes consignadas, o plan de seguridade e saúde no traballo, reúne as condicións técnicas requiridas polo Real Decreto 1627/1997, para propoer a súa aprobación, debendo servir de instrumento básico de ordenación das actividades de identificación e, no seu caso, avaliación dos riscos e

planificación da actividade preventiva, por parte da empresa contratista á que se refire, no seu capítulo II, o Regulamento dos Servizo de Prevención.

Na súa consecuencia, sométese á consideración á Xunta de Goberno Local, a seguinte

PROPOSTA:

1. Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra HUMANIZACIÓN BARRIO BOUZAS. FASE I. ENTORNO MERCADO.
2. Dar traslado do Aviso Previo adxunto a autoridade laboral competente

Do presente acordo daráselle traslado a empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES CRESPO, S.A., a cal a súa vez xunto co plan de seguridade e saúde dará conta á Autoridade Laboral competente, ao servizo de prevención constituído na empresa ou concertado con entidade especializada allea á mesma, segundo preveñen a Lei 31/1995, de 8 de novembro, a efectos do cumprimento do seu artigo 31.3, a) b) c) d) e) e f); ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención nas empresas intervinientes ou concorrente na obra e aos representantes dos traballadores, a efectos de que poidan presentar por escrito e de forma razoada, as suxestións e alternativas que estimen oportunas (artigo 7.4 do Real Decreto 1627/1997).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

16(91).- CONVENIO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA PARA LEVAR A CABO A PRIMEIRA FASE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA INSTALACIÓN PARA ACTIVIDADES MUSICAIS QUE INCLÚE UN LOCAL DE ENSAIO CON SETE SALAS E ESTUDO DE GRAVACIÓN, ASÍ COMO A PRIMEIRA FASE DO SEU EQUIPAMENTO. EXPTE. 2474/336.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.01.08, o informe de fiscalización do 2.02.08 e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Xuventude, do 23.01.08, conformado pola concelleira delegada de Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o contido do convenio que se achega, entre a Xunta de Galicia e o Concello de Vigo, para a o financiamento da primeira fase das obras de construción dunha instalación para actividades musicais, que inclúe un Local de Ensaio con sete salas e estudo de gravación, nunha parcela de propiedade municipal situada no Parque Tecnolóxico de Valadares, así como a primeira fase do seu equipamento consistente na dotación de mobiliario e equipamento de son e imaxe.

2º.- Aprobar a dotación orzamentaria establecida para o financiamento da primeira fase das obras de construción dunha instalación para actividades musicais nos seguintes termos:

A Xunta de Galicia aportará un total de 1.000.000 de euros distribuídos do seguinte xeito:

ANO	ACHEGA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
-----	--------	-------------------------

2009	350.000 euros	05.42.313A.760.0
2010	350.000 euros	05.42.313A.760.0
2011	300.000 euros	05.42.313A.760.0

O Concello de Vigo aportará un total de 398.877,40 euros distribuídos do seguinte xeito:

ANO	ACHEGA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
2009	200.000 euros	4520.622.00.00
2010	198.877,40euros	4520.629.00.00 ”

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE VIGO (PONTEVEDRA), PARA LEVAR A CABO A PRIMEIRA FASE DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DUNHA INSTALACIÓN PARA ACTIVIDADES MUSICAIS QUE INCLÚE UN LOCAL DE ENSAIO CON SETE SALAS E ESTUDO DE GRAVACIÓN, ASÍ COMO A PRIMEIRA FASE DO SEU EQUIPAMENTO.

En Santiago de Compostela, .. dede 2008

R E U N I D O S

Dunha parte don Anxo Quintana González, vicepresidente da Igualdade e do Benestar, en virtude das competencias que lle son recoñecidas polo Decreto 213/2005, do 3 de agosto, do seu nomeamento e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa presidencia.

E doutra, don Santiago Domínguez Olveira, con DNI número 36064093-R actuando en representación do Concello de Vigo (Pontevedra), en virtude da súa condición de tenente de alcalde e con competencias correspondentes á área de Industria, Comercio, Turismo e Cascos Históricos delegadas polo Decreto do 5 de xullo de 2007.

Ambas as dúas partes, no nome e representación que ostentan e coa capacidade legal para este acto,

E X P O Ñ E N

Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20º da Constitución Española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social polo que, na súa virtude, aprobouse a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais.

Que son áreas de actuación nas que se estrutura o sistema de servizos sociais, segundo o artigo 5.3 b) da antedita lei, as dirixidas á familia, infancia e mocidade.

Que por outra banda, polo Decreto 517/2005, do 6 de outubro, establécese que corresponde á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar o exercicio das competencias e funcións nas políticas autonómicas de benestar, incluíndo as políticas de xuventude e solidariedade sen prexuízo das competencias doutras consellerías nestas materias, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e nos termos sinalados pola Constitución Española.

Que os concellos, como entes locais, en virtude do disposto nos artigos 25 e 26 da Lei de bases do réxime local, xa citada, e no artigo 21 da Lei galega de servizos sociais, teñen competencias e por conseguinte iniciativa propia, no eido dos servizos sociais.

Que a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local en Galicia, establece no seu artigo 198 que a Xunta de Galicia e as entidades locais poderán celebrar convenios de cooperación entre si para a mais eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia, podendo a través dos mesmos coordinar a súas políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente obras ou servizos da competencia dunha das partes e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo.

Con base na antedita normativa, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, unha vez estudadas as características sociodemográficas e de recursos existentes na Comunidade Autónoma, estableceu un plan de prioridades para equipamentos sociais que contribúan á prestación de servizos ou actividades de carácter público ou de interese xeral, a levar a cabo en colaboración cos concellos e, no seu caso, coa posible participación doutros organismos.

Dentro destas prioridades atópase a colaboración para levar a cabo a primeira fase das obras de construción dunha instalación para actividades musicais, que inclúe un local de ensaio con sete salas e estudo de gravación, nunha parcela de propiedade municipal situada no Parque Tecnolóxico de Vigo, na parroquia de Valadares, así como a primeira fase do seu equipamento consistente na dotación de mobiliario e equipamento de son e imaxe.

Dada a titularidade municipal dos terreos, o investimento deberá ser realizado polo propio concello, polo que non resulta posible promover a concorrência pública para a concesión da subvención obxecto do presente convenio.

*Para o financiamento do dito investimento, que conta cun **orçamento total estimado de 1.398.877,40 euros**, (1.198.877,40 € para obra e 200.000 € para equipamento), o concello declara non ter solicitadas nin concedidas outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo fin.*

Que a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar considera oportuno participar no financiamento do devandito investimento para lograr unha cobertura axeitada e o máis ampla posible de apoio á xuventude. Deste xeito contribúese a cumprir cun dos obxectivos do programa de actuación da Vicepresidencia.

Que sendo concorrente o interese das dúas administracións, resulta conveniente colaborar conxuntamente para levar a cabo a primeira fase das obras de construción dunha instalación para actividades musicais, que inclúe un local de ensaio con sete salas e estudo de gravación, nunha parcela de propiedade municipal situada no Parque Tecnolóxico de Vigo, na parroquia de Valadares, así como a primeira fase do seu equipamento consistente na dotación de mobiliario e equipamento de son e imaxe, polo que as partes asinantes acordan outorgar o presente convenio de colaboración en base ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. En concepto de axuda ao investimento, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar comprométese a participar no financiamento da primeira fase das obras de construción dunha instalación para actividades musicais, que inclúe un local de ensaio con sete salas e estudo de gravación, nunha parcela de propiedade municipal situada no Parque Tecnolóxico de Vigo, na parroquia de Valadares, así como a primeira fase do seu equipamento consistente na dotación de mobiliario e equipamento de son e imaxe.

Para o dito fin outorgará unha axuda por un importe total de un millón de euros (1.000.000 €), que será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 05.42.313A.760.0, incluída no proxecto de lei de orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2009, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 16 de outubro de 2008 e coa seguinte distribución por anualidades:

ANO	ACHEGA	APLICACIÓN ORZAMENTARIA
2009	350.000 euros	05.42.313A.760.0
2010	350.000 euros	
2011	300.000 euros	

Pola súa banda, o Concello de Vigo comprométese a aportar a contía restante ata o importe total do investimento.

O gasto correspondente aos honorarios de redacción do proxecto, serán por conta do concello.

A suma de todas as achegas e axudas a fondo perdido que puidera obter o concello asinante para o mesmo concepto e finalidade establecidos no presente convenio, non poderá superar o 100% do custo total do investimento. No dito suposto, a axuda outorgada pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar veríase minorada na cantidade que exceda da dita porcentaxe.

Segunda. O concello deberá cumprir os requisitos do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia así como as obrigas establecidas no artigo 11 da referida lei e que son, entre outras, as seguintes:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar ou, se é o caso, a entidade colaboradora, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

b) No caso de que con posterioridade á sinatura deste convenio se realizase algunha solicitude de cofinanciamento do devandito investimento, deberán comunicar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) O concello deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do investimento obxecto de subvención nos termos regulamentariamente establecidos.

Terceira. O concello deberá levar a cabo o procedemento de licitación e contratación do investimento obxecto deste convenio e remitir á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, a documentación acreditativa da adxudicación do contrato na que conste o seu importe.

Dado a natureza e a contía da subvención, neste caso resulta de aplicación o artigo 29.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, “cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou o presten, ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.”

Cuarta. O concello titular do local de ensaio deberá cumprir o establecido no Decreto 16/2007, do 1 de febreiro (DOG nº 31, do 13.02.2007), polo que se crea a Rede Galega de Locais de Ensaio para a Xuventude.

Así mesmo, terase en conta o establecido no Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro (DOG nº 41, do 28.01.2000), polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei 8/1997, do 20 de agosto (DOG nº 166, do 20.08.1997), de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Debido á finalidade á que será destinado o local de ensaio seralle de aplicación, a todos os seus elementos construtivos, o establecido na Lei 7/1997, do 11 de agosto, de protección contra a contaminación acústica en Galicia así como a normativa estatal, autonómica ou municipal, existente na materia.

Quinta. Os pagos efectuaranse ao concello previa xustificación do investimento realizado, (as certificacións de obra deberán ser expedidas polo facultativo director das obras e no caso do equipamento, contra facturas conformadas), xuntándose certificación do/da secretario/a da corporación que transcriba o acordo ou resolución da súa aprobación polo órgano competente.

No caso de existir financiamentos paralelos para a mesma finalidade, sexan propios ou procedentes doutras entidades, o concello deberá acreditar na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Todo isto sen prexuízo da presentación doutro tipo de documentación legal ou regulamentariamente establecida.

As devanditas xustificacións de investimento realizado, deberán ser remitidas á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, antes do 30 de novembro de cada un dos exercicios orzamentarios de vixencia do convenio aos que correspondan.

Por tratarse dunha axuda superior a 60.000 euros, seralle de aplicación o establecido no artigo 30.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, respecto da comprobación por parte da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar do investimento realizado, antes do seu pagamento total.

Sexta. O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o cumprimento da finalidade nel establecida, que en ningún caso será posterior ao 31 de decembro do ano 2011.

Non obstante, entenderase subvencionable, de ser o caso, a parte de obra executada e/ou equipamento adquirido con anterioridade á data de sinatura do convenio e dentro do exercicio orzamentario da súa vixencia.

Sétima. O concello comprométese a facilitar á Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, cando sexa posible segundo a programación que exista en cada momento, a utilización das instalacións do centro para a realización de actividades organizadas pola mesma, no ámbito das súas competencias.

En toda a publicidade derivada da execución do presente convenio farase constar a colaboración da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia.

Oitava. Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio, créase unha comisión mixta que estará integrada polo director xeral de Xuventude e Solidariedade da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e o alcalde presidente do concello.

Novena. Serán causas de resolución do presente convenio e procederá, se é o caso, o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora devengados desde o seu pagamento, as establecidas con carácter xeral no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e, en concreto, as seguintes:

A desviación dos fondos outorgados para outra finalidade distinta da sinalada neste convenio.

O incumprimento da obriga de xustificación do investimento realizado.

O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

O incumprimento das condicións impostas ao beneficiario da axuda.

Igualmente procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos en que o importe da subvención, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que se estableza.

Décima. O presente convenio terá carácter administrativo, rexéndose os seus efectos polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polos principios xerais establecidos na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público, xunto coas demais disposicións legais vixentes en materia de contratación administrativa.

En canto lle sexa de aplicación, estarase ao disposto no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Así mesmo, de conformidade cos puntos 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega e o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar publicará no Diario Oficial de Galicia e na súa páxina web oficial, a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas e incluírá as sancións que, como consecuencia delas, se puidesen impoñer nos correspondentes rexistros públicos.

A sinatura do convenio leva implícito o consentimento expreso do beneficiario a favor da Administración concedente, para o tratamento necesario dos datos relevantes da axuda concedida e a súa publicidade.

Os datos de carácter persoal dos titulares de expedientes de axudas, subvencións e convenios que consten nos rexistros, estarán protexidos segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

As cuestións litixiosas xurdidas serán resoltas pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, poñendo fin á vía administrativa. Contra estes acordos, procederase de conformidade co disposto no artigo 44 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Undécima. En canto á tramitación do convenio, obsérvase o disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 da Consellería de Economía e Facenda, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano e rubricano por cuadruplicado exemplar no lugar e data expresados.

17(92).- PROXECTO “O FOMENTO DO USO DO TEMPO COMO MEDIO DE CONCILIACIÓN NA CIDADE DE VIGO” E SOLICITUDE DE AXUDA Á CONSELLERÍA DE TRABALLO DA XUNTA DE GALICIA. EXPTE. 5669/77.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Promoción Económica e emprego, do 30.01.08, conformado polo concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá, que di o seguinte:

A Constitución española, no seu artigo 9.2º, establece que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os atrancos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica e social.

Así mesmo, no seu artigo 14 a Constitución española recoñece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación ningunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

No que atinxe á Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, sinala que corresponde aos poderes públicos galegos promover as condicións para que a liberdade e igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación dos galegos na vida política, económica, cultural e social.

Atendendo a estes mandatos, elaborouse a Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia. O seu título VI está dedicado á promoción autonómica das medidas municipais de conciliación, entendidas como aquelas adoptadas polos concellos coa finalidade de facilitaren a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas traballadoras.

O Decreto 182/2008, do 31 de xullo, polo que se establece a promoción autonómica das medidas municipais de conciliación e se determinan os requisitos para a súa validación e funcionamento, recolle, entre as Clases de medidas municipais de conciliación de promoción autonómica, os plans de programación do tempo na cidade, que pretenden unha coordinación dos horarios da cidade coas exixencias persoais, familiares e laborais da cidadanía.

Coa finalidade de cumprir con estes proceptos e promover actuacións que desenvolvan as entidades locais galegas para a posta en funcionamento de bancos de tempo e de plans de programación de tempo na cidade, no DOG do 9 de xaneiro de 2009 publicouse a Orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan, para o exercicio do ano 2009, as subvencións destinadas ás entidades locais para a implantación e desenvolvemento de bancos municipais de tempo, plans de programación do tempo da cidade, plans de conciliación local e/ou outras medidas municipais de conciliación.e, conforme se establecen nas bases da convocatoria, por parte do servizo de Promoción Económica e Emprego, elaborouse a memoeria que se achega e que pretende a elaboración dun Plan de Programación de Tempo en Vigo, para o que se establecen tres liñas de actuación

Liña de Actuación 1: Estudio previo para a diagnose da situación de partida.
Liña de Actuación 2: Impulso de Bancos de Tempo na cidade de Vigo..
Liña de Actuación 3: Deseño e implantación do Plan de Programación do Tempo na cidade.

Por todo o anteriormente exposto, e de acordo co proxecto que se inclúe no expediente, PROPONSE á Xunta de Goberno Local que adopte os seguintes acordos:

1. Aprobar o proxecto denominado “ O fomento do uso do tempo como medio de conciliación na cidade de Vigo”, elaborado polo Servizo de Promoción Económica e Emprego do Concello de Vigo.
2. Solicitar á Consellería de Traballo da Xunta de Galicia a subvención contemplada no citado proxecto, de acordo co establecido na normativa que regula a orde do 30 de decembro de 2008 pola que se convocan subvencións destinadas ás entidades locais para o establecemento de bancos de tempo de plans de programación do tempo na cidade.
3. Asumir as obrigas económicas que ao Concello lle podan corresponder no desenvolvemento do proxecto, mediante a dotación, nos presupostos municipais dos anos 2009, das correspondentes partidas para o cofinanciamento deste proxecto.
4. Encomendar ao Servizo de Promoción Económica e Emprego, no ano seguinte ao da concesión das subvencións a realización dos trámites necesarios para a validación do Plan de Programación do tempo na cidade de Vigo.
5. Delegar no concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá a representación do concello na tramitación da solicitude de subvención e da validación do Plan de Programación de Tempo na cidade diante da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia..

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

18(93).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA-DELEGADA DA ÁREA DE ECONOMÍA E FACENDA FIXANDO O CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE. EXPTE. 3427/703.

Dáse conta da resolución da concelleira-delegada da Área de Economía e Facenda, do 13.01.09, que di o seguinte:

Primeiro.- Fixar como datas de comezo e final de cobranza, en período voluntario, dos padróns de tributos de cobro periódico e notificación colectiva correspondentes ó exercicio 2009 (calendario do contribuínte para o ano 2009), as seguintes:

<i>TRIBUTO</i>	<i>DATA INICIO PERÍODO VOLUNTARIO</i>	<i>DATA FIN PERIODO VOLUNTARIO</i>
<i>Imposto s/vehículos de tracción mecánica.</i>	<i>30 de marzo de 2009</i>	<i>1 de xuño de 2009</i>
<i>Taxa de lixo-vivendas</i>	<i>1 de xuño de 2009</i>	<i>31 de xullo de 2009</i>
<i>Taxa de exaccións unificadas industriais</i>	<i>1 de xuño de 2009</i>	<i>31 de xullo de 2009</i>
<i>Imposto sobre bens inmobles</i>	<i>1 de setembro de 2009</i>	<i>2 de novembro de 2009</i>
<i>Imposto sobre actividades económicas</i>	<i>1 de setembro de 2009</i>	<i>2 de novembro de 2009</i>

Segundo.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno local.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

19(94).- MARCO DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS INDIVIDUAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL. EXPTE. 39274/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 30.01.09, o informe de fiscalización do 30.01.08, e de acordo co informe-proposta da técnica de actividades económicas, do 23.01.09, conformado pola concelleira-delegada da Área de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o marco de actuación do do programa de subvencións directas individuais para a prevención, asistencia e promoción social.

Segundo.- Autorizar o gasto de 170.000 euros con cargo a partida 3130.480.00.00; 56.000 euros con cargo a partida 3130.780.00.00 e 20.000 euros con cargo á partida 4123.480.00.00, para facer fronte as axudas económicas individuais para a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia no exercicio 2009, correspondentes os centros de gasto 3130 –Benestar Social- e 4123 –CEDRO- dependentes da Concellería de Benestar Social, facultando á Concelleira-Delegada de Benestar Social para a aprobación e concesión, no seu caso, das concretas axudas económicas a favor dos usuarios de benestar social.

Terceira.- Aprobar a realización de libramentos a xustificar ata os importes máximos indicados no apartado primeiro, a nome da funcionaria habilitada de Benestar Social, D^a M^a Paz Fernández Fernández, DNI 03821230X e de do funcionario habilitado, D. Francisco Otero Lamas, DNI

36.047.540P, Director de CEDRO, para facer efectivos os referidos gastos e que serán aboadas nas contas resinxidas da Tesourería Municipal.

*MARCO DE ACTUACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE PRESTACIÓNS
INDIVIDUAIS MUNICIPAIS PARA A PREVENCIÓN, ASISTENCIA E PROMOCIÓN SOCIAL DE
EMERXENCIA PARA O ANO 2009*

A Lei 7/1985 Reguladora de Bases de Réxime Local, no seu artigo 25.2.k e a Lei 5/97 de Administración Local de Galicia no seu artigo 80.2.k), establecen a competencia dos municipios na prestación dos servicios sociais e de promoción e inserción social.

Os servicios sociais municipais, tanto de atención primaria como especializada, traballan co obxectivo de garantir a atención das necesidades básicas do conxunto da poboación, especialmente dos colectivos con maiores dificultades de inserción. Réxense de acordo cos principios xerais que establece a Lei de servicios sociais 4/93, de 14 de abril, e o Decreto 240/95, de 28 de xullo, polo que se regulan os servicios sociais de atención primaria.

En xeral, e como metodoloxía de traballo, os servicios sociais municipais prestan unha atención integral as persoas, baseada no esforzo da súa autodeterminación e a potenciación dos seus propios recursos e os do seu entorno familiar e comunitario, contando con un conxunto de prestacións entre as que se inclúen as municipais como resposta as carencias na cobertura das necesidades sociais detectadas.

Para acadar ese fin apróbase o presente marco de actuación para o desenvolvemento dos procedementos aplicables para o outorgamento das axudas directas de carácter individual em relación a prevención, asistencia e promoción social de emerxencia para o longo do ano 2009, no marco xurídico definido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de acordo cos criterios normativos e regulamentarios aprobados polo Concello de Vigo de forma específica en relación as subvencións dentro das bases de execución do orzamento para o ano 2009 e recollidos na “base 38ª”.

CRITERIOS DE ACTUACIÓN

Primeira.- Obxecto

É o conxunto de disposicións dinerarias excepcionais, de carácter propio ó subsidiario e/ou complementario doutro tipo de recursos económicos previstos na lexislación vixente, suxeitos o cumprimento dos fins indicados na base segunda e coma parte do conxunto de intervencións e actuacións específicas necesarias para a prevención, asistencia e promoción social e de emerxencia.

Segunda.- Finalidade

- a) Apoiar a aquelas persoas, familias ou colectivos que carecen de recursos económicos para afrontar necesidades básicas en relación á alimentación, aloxamento provisional, vestido, educación, transporte, formación, atención sanitaria non cuberta polo sistema público, vivenda, etc.*
- b) Evitar as consecuencias físicas, psíquicas e sociais que a carencia de recursos económicos suficientes provoca e que afecten ó normal desenvolvemento das persoas na sociedade.*

Terceira.- Clasificación das prestacións

- a) Prestacións económicas que serán entregadas en metálico ou cheque bancario.*
- b) Prestacións económicas efectuadas a provedores, arrendatarios, subministradores, etc dos usuarios ou beneficiarios do programa.*

Cuarta.- Ámbito de aplicación

O programa de prestacións individuais diríxese a aquelas persoas e familias que atópanse en situación de necesidade social empadroadas no Concello de Vigo ou teñan a consideración de transeúntes ó longo do ano 2009.

Quinta.- Crédito orzamentario

A concesión das prestacións axustarase no seu conxunto ás partidas de gasto 480.00.00 dos programas 3130 -Benestar Social- e 4123 - CEDRO – en base os seguintes créditos:

<i>Partida</i>	<i>Importe</i>
<i>3130.480.00.00</i>	<i>170.000,00 €.</i>
<i>4123.480.00.00</i>	<i>20.000,00 €.</i>

Para as axudas que o Concello de Vigo concede destinadas ó acondicionamento de vivendas ou para as complementarias convocadas por outras Administracións o gasto será contemplado na Partida 780.00.00 do funcional 3130. em base o seguinte crédito:

<i>Partida</i>	<i>Importe</i>
<i>3130.780.00.00</i>	<i>56.000,00 €.</i>

Non obstante, si se dera un incremento na demanda que xere un gasto superior ó previsto, modificaranse as partidas na medida que fose necesario, sempre que haxa recursos financeiros suficientes e de acordo á legalidade vixente en materia orzamentaria.

Sexta.- Requisitos dos beneficiarios

Poderán ser titulares do programa de prestacións tódalas persoas ou unidades familiares comprendidas na base cuarta, sen discriminación de ningún tipo e incluso non censadas no Concello no caso dos considerados transeúntes.

Non se poderá acceder a estas axudas cando, de existir, non se teñan utilizado as canles que outras Administracións teñan establecido e para o mesmo concepto.

Sétima.- Procedemento de concesión

A concesión da subvención realizarase de forma directa debido a inmediatez, excepcionalidade e urgencia das axudas, baseadas en razóns de interese público, social, económico e humanitario que dificultan a convocatoria pública.

Oitava.-Importe

O importe da prestación será proposto, en cada caso, pola profesional que corresponda dentro dos que sinale a Comisión técnica, importes que poderán variar en calquera momento polo número de demandas, situación das partidas económicas, etc., observándose as contías máximas que se establecen na base décima.

Novena.- Natureza das prestacións económicas.

Indícanse, con carácter xeral, os seguintes conceptos de prestacións:

1. De vivenda: polos conceptos de gastos de alugamento ou derivados de intereses ou amortización de créditos e gastos necesarios para o disfrute e mantemento da vivenda ou aloxamento habitual non contemplados por outras Administracións. Así mesmo inclúense as fianzas para alugamento, importes pendentes en evitación de desafiúzo, reparación de necesidades básicas, mobiliario de primeira necesidade, etc.
2. De alimentación.
3. De apoios necesarios para o desenvolvemento de actividades de inserción sociolaboral.
4. Gastos de suministros (luz, auga e gas)
5. Gastos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público.
6. Gastos persoais (vestiario, calzado, viaxes por situacións familiares graves, etc.)
7. Gastos de aloxamento.

En todo caso, as prestacións concedidas teñen un carácter voluntario, temporal e extraordinario e non poderán ser invocadas como precedente.

Décima.- Contía das axudas.

As profesionais da UBAS ou dos programas especializados que propoñan as axudas determinarán as cantidades en función dos membros da unidade familiar, problemática familiar, ingresos económicos, de existir, e por estar pendente de percibir unha prestación.

As contías máximas da axuda en función das circunstancias apuntadas na cláusula anterior serán; por unidade familiar.

a) Vivenda

a.1) En relación con alugamentos, fianzas e desafiuzamentos o importe máximo a conceder será de 500 € mensuais con un tope de 3.000 € anuais.

a.2) Para reparacións básicas a contía anual a conceder a un mesmo beneficiario non poderá exceder de 2.300,00 € anuais.

a.3) Para mobiliario de primeira necesidade a contía máxima a conceder é de 1.500,00 € anuais.

a.4) Para calquera outra actuación en vivenda non contemplada anteriormente que a Comisión Técnica acorde a axuda, esta non excederá os 500,00 € anuais.

a.5) Para préstamos que teñan relación coa vivenda (hipotecarias ou outros) 500,00 € mensuais cun tope de 3.000,00 € anuais.

a.6) Nas axudas para acondicionamento de vivendas incluídas en convocatorias doutras Administracións, o gasto en base a estas Normas non poderá exceder en ningún caso da axuda concedida pola entidade convocante.

b) Alimentación

Ata un máximo de 530 € mensuais ou 3.180 € anuais, de acordo co seguinte baremo:

MEMBROS UNIDADE FAMILIAR	EUROS MES	EUROS ANUAIS
1	180	1.080
2	250	1.500

3	320	1.920
4	380	2.280
5	430	2.580
6	480	2.880
7 ou mais	530	3.180

De apoios á inserción, ata un máximo de 60 € mensuais ou 300 € anuais.

- c) De suministros, ata un máximo de 75 € mensuais ou 450 € anuais. (Exceptuando as reposicións de servizos).*
- d) Gastos persoais, ata 400 € anuais.*
- e) Gatos de atención sanitaria non cubertos polo sistema público, ata 750 € anuais.*
- f) Gastos de aloxamento, ata tres meses ao longo do ano.*
- g) Noutras axudas convocadas por distintas Administracións non contempladas anteriormente e que a traballadora social de atención primaria entenda que é necesario coadxuvar con algunha achega municipal tendo en conta a situación da familia, en ningún caso se excederá do importe concedido por aquela.*

Décimo primeira.- Instrucción do procedemento.

Os funcionarios responsables das UBAS ou programas especializados que resulten competentes en cada caso, proporán e informarán preceptivamente a concesión das axudas.

Para o establecemento dos conceptos e condicións particulares para acceder ó programa, estarase ó dictame baseado en criterios de igualdade, obxectividade e non discriminación, emitido por unha Comisión técnica integrada polo Xefe de área Acción Social, a Xefa de Sección de Coordinación e a técnica de Actividades Económicas do departamento. Asistirá as sesións da Comisión técnica a responsable da UBAS ou programa que corresponda.

O dictame da Comisión deberá axustarse, en todo caso, ás liñas xerais que se establecen nestas Bases, fundamentalmente ás contías máximas para cada un dos tipos de axuda, contías que se poderán superar en situacións excepcionais previo informe da mesma Comisión e aprobación singular da Xunta de Goberno Local, cando proceda

Décimo segunda.- Normas de xestión

A/o profesional responsable da UBAS ou programa, propondrá a contía da prestación á Comisión técnica que se establece na cláusula Décima primeira, que se reunirá semanalmente, a cal a dictaminará e coa conformidade da Concellería-Delegada se librá contra a conta habilitada correspondente.

En casos excepcionais a/o profesional correspondente e a/o responsable do programa poderán determina-la contía e proximidade do abono en caso de que a situación non permita demorarse ata o pronunciamento da Comisión técnica, a quen se elevara na primeira reunión que se celebre.

Contra a entrega do importe da axuda, e no impreso anexo –anexo I- que contempla a valoración técnica a que se refire a base décimo primeira, o beneficiario firmará a recepción e aportará fotocopia do DNI por ámbalas

dúas caras, ou documento de identidade suficiente. No caso de non dispor de documentación aclararase a circunstancia de tal extremo no recadro.

O beneficiario contará con seis días naturais, a partir da recepción da axuda, para presentar as facturas xustificativas do importe percibido.

Nos casos en que a axuda sexa para pagar a terceiros –alugueiros, abastecementos de luz, etc., achegarse o recibín –anexo I- a factura correspondente ou copia da transferencia bancaria.

Someteranse á consideración da Xunta de Goberno as axudas que individualmente consideradas superen os seis mil euros. A Concellería-Delegada é competente para aprobar os gastos que non excedan de seis mil euros. Anexo II

No caso de prestacións económicas indirectas –aloxamento alternativo, alugueiros, aprovisionamento de mobles, etc., procurarase abona-lo importe á empresa subministradora do servicio, polo que achegarse factura ou copia da transferencia bancaria.

A solicitude dos departamentos de Benestar Social e Cedro, realizarase o correspondente expediente de gastos a xustificar para a execución destas axudas en relación a conta delegada de Benestar Social número 2080 0000 74 0040242619, e a conta delegada de CEDRO, número 2080 0000 74 0040290283 o importe das cantidades solicitadas con cargo ás partidas 3130.480.00.00 e 4123.480.00.00 e no seu caso para a partida 3130.780.00.00.

Décimo terceira.- Comprobación da xustificación da subvención

Toda concesión de prestación económica implicará por parte da/do profesional correspondente das UBAS ou programa, una valoración técnica breve da situación socioeconómica do beneficiario/a con estudo da demanda que acredite a adecuación da axuda e valoración que, a efectos xustificativos, incluírase no documento de percepción (Anexo I).

Décimo cuarta.- Obriga dos beneficiarios

- a) Aplica-la prestación á finalidade para a que foi concibida.
- b) Comunica-los cambios que puideran dar lugar á modificación, suspensión ou acumulación da prestación.
- c) Reintegra-lo importe da prestación indebidamente percibida ou en contía indebida.
- d) Comunicar calquera cambio de domicilio.
- e) Cumpri-las condicións que especialmente lle sexan impostas polo/a profesional dde traballo social correspondente.
- f) Presentar as facturas xustificativas da axuda recibida, no prazo de seis días naturais, contados desde o día seguinte a sinatura da recepción da axuda.

Décimo quinta.- Publicidade das subvencións concedidas

A concesión destas axudas queda exento de publicación por canto, en razón do obxecto da subvención, súa publicidade atentaría contra o respecto e salvagarda do honor, a intimidade persoal e familiar das persoas

físicas en virtude do establecido na Lei orgánica 1/1982, de 6 de maio, de protección civil do dereito ó honor, á intimidade persoal e a propia imaxe.

Décimo sexta.- Seguimento e efectividade das prestacións.

Os Servicios sociais municipais efectuarán o seguimento adecuado para controlar o bo fin das prestacións concedidas.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

20(95).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte e seis. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.